


TRAMA ANDRÉS MEIXIDE



A educación, tarefa da tribo

FIRMA INVITADA

MARÍA ROSA ÁLVAREZ PRADA
Decana do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

Cando nace un neno ou unha nena comeza a súa socialización. A primeira, a da súa contorna máis inmediata, a súa familia. Despois, coa escola e as amizades, vanse ampliando os marcos nos que se desenvolve. Pero existe ademais outro elemento socializador clave, que é a comunidade: dela aprende, participa e experimenta.

Resulta significativo comprobar como se está apartando aos nenos e ás nenas do espazo público. É a renuncia da sociedade a unha responsabilidade que lle é propia: a de educar desde a participación na comunidade. Como se pode pretender que as familias poidan educar, se limitamos as súas posibilidades de participación, se lles restrinximos os espazos para que os nenos e as nenas convivan co resto das persoas.

Existen culturas que promoven a integración da infancia nas distintas esferas da vida porque aprecian o importante que resulta a aprendizaxe transmitida de xeración en xeración. Esa era a cultura da que nós provimos e que nos últimos tempos dá os máis carivos, ao igual que as persoas maiores, ven como se limitan as súas posibilidades de participarse «molestas».

Demanda-mos mozos e mozas con valores, pero debemos proporcionar-lles contextos nos que doten de sentido tales principios. Desde logo, limitando unicamente o labor de socialización á familia e ao ensino, como reflexo dunha sociedade de cada vez máis individualista e menos integradora, non é o modo de facelo.

A crianza é tamén tarefa da comunidade. Un cativo ou unha cativa aprenderá a ter límites se lle proporcionamos experiencias de participación, de convivencia. A construción das xeracións máis novas, dos seus principios e valores, e do que estas persoas transmitirán ás súas próximas xeracións, depende do modelo que nós proxectemos. Non é desexable unha sociedade fragmentada en «quetos», onde se invisibilice todo aquilo que poida considerarse un estorbo.

Lembro un compañeiro psicólogo que dicía que antes os nenos e as nenas eramos fillos de todo o barrio. Hoxe, que a infancia constitúe un ben escaso e que a natalidade é un dos problemas graves que afronta Galicia, quero pensar que ese rexeitamento a compartir espazos con nenos e nenas se debe máis a unha estratexia de mercado que a un cambio no modelo social. Porque precisamos da tribo enteira para educar, como di o famoso proverbio africano.



ILUSTRACIÓN MARÍA PEDREDA

Nacionalismo de balcón

MARÍA EMPEZA HOXE

LORENZO FERNÁNDEZ PRIETO

Cando a bandeira dun Estado é utilizada como instrumento de combate político por unha parte da sociedade contra outra, cada unha con diferente representación política, estase promovendo unha fractura en toda regra. Cando ese uso é prolongado a fractura agrandase, e pode deixar de ser política e social para converterse en ruptura da convivencia e mesmo do Estado. Ese parece que será o camiño polo que iremos nos próximos cen días, ata as eleccións de maio. O que chamamos «la España de los balcones» empezou polo uso político da bandeira española no contexto dun conflito territorial entre partidos cataláns, entre Cataluña e España, entre o Goberno do Estado e o catalán, ou como se prefiere dicir, segundo o campo de xogo ideolóxico escollido; pero dende a manifestación do domingo o conflito pasou a ser social e político entre españois de esquerdas e de dereitas. O uso da bandeira é a súa peor expresión.

Non sei se os dirixentes das dereitas se decatan de que os votantes do PSOE e Podemos, digan o que digan os seus líderes, non van usar a bandeira amarela e vermella como marcador político. Úsana cara a fóra, coas seleccións deportivas, pero non para definirse politicamente no interior. Se os dirixentes da dereita non o saben, malo; se o saben e buscan no uso da bandeira un campo de conflito para definir adhesións, peor: como moito conseguirán apropiarse —expropiar— símbolos da cidadanía do pacto constitucional, que teñen unha limitada capacidade cultural para achegar adhesións libre-

mente. Por qué isto é así só pode entenderse dende a Historia e Balfour; Serrano e o Núñez Seixas téñeno explicado con fundamento. Pode que estes dirixentes queiran pelexarse coa Historia ou cambiar o pasado, e tamén pode que queiran cambiar o presente, pero nunca pola vía simbólica que están escollendo sen crebar a convivencia.

Antes da bandeira foi a lingua

Vivimos nun Estado e un mundo plurinacional e policultural, no que os idiomas son unha riqueza, recoñecida e garantida pola Constitución, e mesmo unha vantaxe económica avalada polo mercado, pero volvemos ao tempo da Transición para explicar o dereito de falar, escribir, vivir, estudar, opositar e traballar en galego. Máis a bandeira non é a lingua: quixeron reducir o uso do galego na escola, e fíxose, pero ninguén pode obrigarse a pendurar unha tea na casa.

O nacionalismo de balcón de Rivera, Casado e outros debe facer pensar qué entendemos por nacionalismo na linguaxe política e cotiá española. O nacionalismo é un artefacto cultural, surdido e político, que os historiadores analizamos como pasado, e que recupera axiña a capacidade para ser instrumento de combate e confrontación en conxunturas como a da Europa actual. Pero en Alemaña e Francia, cando falan do rexurdir do nacionalismo, non se refíren a Cóssege ou Baviera: falan deles mesmos e da capacidade excluínte dos seus nacionalismos de Estado. En España, meidos nun bucle intelectual, perdesse a perspectiva de que o nacionalismo perigoso é o que ten detrás ao Estado e aos seus aparatos. Pensando historicamente o presente comprobamos decote que algúns teñen a nación no corazón e o Estado na cabeza, pero seguen tendo o imperio nas gónadas.

CARTAS AL DIRECTOR

Respecta al que no piensa como tú

Ha vuelto a pasar. La derecha ha tomado la calle y la izquierda se lo ha tomado mal. No pueden soportar ver que haya gente que no piensa como ellos. Creen que ellos tienen la razón, toda la razón y nada más que la razón, y los que no pensamos como ellos somos o malos o tontos o «unos mierdas» o unos inconscientes. Creen que, por nuestro bien, tenemos que pensar y actuar como ellos. No toleran otras formas de pensar, otras formas de actuar ni otras formas de vivir. Solo lo de ellos es lo único válido, moral

y aceptable. ¿Pero quien les ha dicho a esta gente que el pensamiento de izquierdas sea lo único moralmente aceptable? Yo me considero una persona de derechas, católica y conservadora. Y por supuesto, creo, que lo que yo pienso es verdadero (si no, pensaría lo contrario), pero entiendo, tolero y acepto que haya gente que no piensa como yo. Y no por eso pienso ni que los otros sean unos «mierdas», ni que tengan unos valores morales inferiores a los míos, y ni mucho menos pienso que sean peores personas que yo. Creo que en todas las ideologías, la derecha, la izquierda, el centro,

los de patatín y los de patatán, tienen y tenemos nuestra razón, y nuestras razones y nuestras equivocaciones! Pero nadie se tiene que sentir superior a nadie por pensar de una manera o de otra. Y lo que creo que no es admisible es que personajes públicos insulten y vejen a personas anónimas porque no pensamos como ellos. Si el hecho de que 44.999 o 45.001 personas nos hayan manifestado por la unidad de España el domingo les ha hecho revolverse las tripas y vomitar bilis por todo tipo medios ¡qué sería si hubiéramos sido casi 200.000! ¡No lo quiero ni pensar! VIRGINIA R. MATEOS, VIGO

DIRECCIÓN DE CORREO: Avenida da Prensa, 84 y 85, Sabón, 15143 Arteixo (A Coruña)

CORREO ELECTRÓNICO: cartasaldirector@lavoz.es

WEB: www.lavozdegalicia.es

Las cartas no deben exceder de 20 líneas y se identificarán con el nombre, domicilio, DNI y teléfono del autor. La Voz de Galicia se reserva el derecho de extraer los textos. No se informará sobre las cartas recibidas